




1. EMPRAZAMENTO



DATOS XERAIS

Comarca: Costa da Morte. Sector: Costas de Traba e Vilán. Municipio: Camariñas. Parroquias: San Xurxo de Camariñas. Extensión: 0,16km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Unidade composta por unha aliñación de elevacións graníticas en crista irregular, separadas por fracturas e un proceso de erosión diferencial que creou profundos e estreitos sucos. Parcialmente insular, acontecéndose varias formas dómicas acampanadas ou acuminadas que configuran perfís de paredes verticais ou de extraordinaria inclinación. O desmantelamento desas formas dómicas deu lugar a un amplo abano de mesoformas e microformas graníticas.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A metade meridional está composta por un granitoide migmático hercínico, e a metade setentrional, punta da península e illotes, modélase nunha granodiorita biotítica tardihercínica.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Costa acantilada incluída dentro do dominio climático Cálido e Húmido: as temperaturas son suaves con valores medios anuais que non baixan de 15°C e a amplitude térmica rolda os 13°C. As precipitacións medias oscilan entre 1200mm e 1400mm ao ano.

OS SOLOS

Tramo acantilado caracterizado polas ladeiras de forte pendente con gran parte da súa superficie ocupada por afloramentos do substrato granítico, polo que tan só se forman solos pobres e pouco evolucionados do tipo leptosol lítico.

AS AUGAS

O carácter rochoso e acantilado desta pequena unidade restrinxe a súa rede hidrográfica a cursos de auga estritamente temporais. A masa de Augas Costeiras que circunda ao Cabo Vilán recibe a identificación 20135.

O PATRIMONIO NATURAL

Toda a unidade pertence ao LIC Costa da Morte e conforma ademais o Sitio de Interese Nacional Cabo Vilán. Encóntrase dentro da área de importancia para as aves (IBA) Costa da Morte. É unha costa rochosa acantilada e potente. Preséntanse como hábitat máis importante o 1230 de cantís mariños atlánticos. Tamén aparece o 8330 de covas mariñas mergulladas e semimergulladas nalgunhas grutas de cantil. A presenza rochosa na superficie das partes somitales, culminando as formas dómicas inclúe hábitat do grupo 82, pendentes rochosas con vexetación casmofítica. Aparecen tamén certos sectores cos ambientes de mato 4030, breixos secos europeos e 4040, breixos secos atlánticos costeiros de Erica vagans. Conta con citas do taxon vulnerable protexido Linaria aguillonensis.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Na unidade distínguense tres tipos de coberturas; por un lado a fronte litoral dominada por maxestosos cantís. Tras eles aparecen pequenas formacións de mato atlántico adaptado á vida nun ambiente salino sobre solos pouco desenvolvidos. Por último, o espazo ocupado polo faro, constitúe o único elemento artificial en todo este espazo.

MORFOLOXÍA

Os elementos da unidade e a súa organización espacial derivan unicamente de criterios naturais. Tan só a localización do faro responde a criterios estratéxicos, xa que desde este punto o canón de luz é capaz de acadar os 55 km de distancia.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

Tan só existe unha estrada asfaltada que posibilita o acceso rodado ás instalacións do faro.

PATRIMONIO HISTÓRICO

O elemento máis destacado é o faro de Cabo Vilán, encargado de sinalizar un dos tramos de costa máis perigosos de toda a Costa da Morte. Érguese uns 125 metros sobre o solo e a súa luz é visible a case 30 millas de distancia, sendo o faro eléctrico máis antigo de España. Está unido á construción adxacente que foi, en tempos, a vivenda dos fareiros. Hoxe en día convertido en centro de interpretación.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Toda a paisaxe da unidade organízase arredor do faro e ao espazo costeiro que o rodea. Confórmase un espazo de alto valor natural, paisaxístico e cultural ligado ao misticismo do faro e apoiado nos encantos da sempre fermosa Costa da Morte.

DINÁMICA DA PAISAXE


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Cabo Vilán está catalogado como Espazo de Interese Paisaxístico por ser un dos espazos costeiros sobresaíntes pola súa excepcionalidade e singularidade física, polos seus caracteres xeomorfolóxicos e pola súa incidencia no imaxinario social como escenario da paisaxe litoral de Costa da Morte e Galicia. Trátase dun dos tramos máis fermosos da Costa da Morte pero sen dúbida tamén un dos de maior risco. O faro, foi declarado de Interese Nacional no ano 1933 e desde sempre caracterizouse pola súa imponente planta e a súa localización sobre un cantil abrupto e rochoso, que nos días de temporal é superado pola forza das ondas. Asomarse aos cantís deste Cabo permite observar en detalle o illote que se cofece co nome de Vilán de Fora e que en conxunto forma un monumento natural incluído no LIC Costa da Morte e recollido na Rede Natura 2000. Para a contemplación do Faro e de todo o espazo costeiro que o rodea propomos como punto de observación o propio edificio dos fareiros, a partir do que se pode observar a Enseada de Arneliña e as formas rochosas labradas pola acción da ondada sobre os cantís como a Furna dos Infernos.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS
















A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros




Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



